

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**748** *ORDE EHA/12/2008, do 10 de xaneiro, pola que se actualizan referencias de códigos da nomenclatura combinada contidas na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais. («BOE» 14, do 16-1-2008.)*

De acordo co establecido nas directivas comunitarias relativas á harmonización dos impostos especiais, a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, estableceu o ámbito obxectivo dos impostos especiais de fabricación por referencia, entre outros criterios, aos correspondentes códigos da nomenclatura arancelaria e estatística («nomenclatura combinada»). Polo que se refire ao imposto sobre hidrocarburos, a versión de referencia da dita nomenclatura é a do Regulamento (CE) n.º 2031/2001 da Comisión, do 6 de agosto de 2001, como establece o artigo 2, número 5, da Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2007, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade.

O Regulamento (CE) número 1214/2007 da Comisión, do 20 de setembro de 2007, modifica o anexo I do Regulamento (CEE) número 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística («nomenclatura combinada») e ao arancel alfandegueiro común, con efectos do 1 de xaneiro de 2008. A aludida modificación trae consigo un cambio no código NC3824 90 98.

O número 2 do artigo 18 da Lei 38/1992 atribúelle ao ministro de Economía e Facenda a habilitación necesaria para proceder á actualización formal das referencias efectuadas aos códigos NC no texto da dita lei se se producen variacións na estrutura da nomenclatura combinada.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

A referencia ao código NC 3824 90 98 que figura na letra g), número 2.º, do número 1 do artigo 46 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, entenderase efectuada aos códigos NC 3824 90 91 e 3824 90 97.

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e producirá efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2008.

Madrid, 10 de xaneiro de 2008.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**754** *REAL DECRETO 1769/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes. («BOE» 14, do 16-1-2008.)*

O Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, estableceu a normativa básica en materia de produtos fertilizantes e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas.

No seu artigo 8.3.c) establece que deberán estar obrigatoriamente envasados os fertilizantes clasificados como perigosos, de acordo co Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, e co Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo.

No artigo 2.49 do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, defínese envase como «recipiente que pode ser precintado, utilizado para conservar, protexer, manipular e distribuír produtos, capaz de conter ata 1.000 kg».

Os produtos definidos como fertilizantes no Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, utilizados na agricultura española e clasificados como perigosos, entre os que se encontran o ácido nítrico e o ácido fosfórico, pódense distribuír aos agricultores en cisternas para o seu uso en técnicas de fertirrigación, que presentan grandes vantaxes tanto agronómicas como económicas e ambientais, sempre que se cumpran todas as normas de seguranza de aplicación a fabricantes e transportistas, así como o establecido no Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), feito en Xenebra o 30 de setembro de 1957 e ratificado por España, e nos seus anexos A e B vixentes.

Mediante este real decreto modifícase o Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, para posibilitar o transporte a granel destes produtos, e lévanse a cabo determinadas modificacións de carácter técnico no seu articulado, para dar unha mellor definición do seu contido e corrixir algunhas das súas referencias.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Industria, Turismo e Comercio, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2007,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.*

O Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, queda modificado como segue:

Un. O número 9 do artigo 2 queda redactado como segue:

«9. Fertilizante inorgánico ou fertilizante mineral: fertilizante obtido mediante extracción ou mediante procedementos industriais de carácter físico ou químico, cuxos nutrientes declarados se presentan en forma mineral. Por convenio, a cianamida cálcica, a urea e os seus produtos de condensación e asociación e os fertilizantes minerais que conteñen nutrientes quelados ou complexados clasifícanse como fertilizantes inorgánicos.»

Dous. O número 23 do artigo 2 queda redactado como segue:

«23. Fertilizante hidrosoluble: fertilizante de alta solubilidade, cuxo residuo insoluble en auga a 15º sexa menor do 0,5 por cento, cando se utilice na